

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**  
**DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS**

**CURSO 2022-23**

## ÍNDICE

1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO .....	4
2. REPARTO DE MATERIAS E PROFESORADO .....	4
3. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN .....	5
4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....	5
5. OBXECTIVOS DOS CURSOS.....	6
6. CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN OU ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE .....	7
2º ESO .....	7
MATEMÁTICAS 2º ESO.....	7
4º ESO .....	7
MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS 4º ESO .....	7
MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS APLICADAS 4º ESO .....	8
2º BACHARELATO.....	8
MATEMÁTICAS II.....	8
MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS II.....	9
MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS.....	9
7. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	9
8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....	10
9. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO. ....	11
10. METODOLOXÍA E AVALIACIÓN PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA E O REMATE DO PERÍODO LECTIVO EN 2º DE BACHARELATO .....	13
11. METODOLOXÍA E AVALIACIÓN PARA O ENSINO NON PRESENCIAL .....	13
12. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. ....	13
13. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	14
14. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS DO BACHARELATO.....	15
15. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS. ....	15
16. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ....	16
17. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN .....	17
18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS .....	18
19. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	18
20. ANEXOS.....	20



## 1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

Detállase o profesorado adscrito ao departamento e a carga horaria que se lles asigna:

Profesor/a	Carga lectiva	Departamento	Cargo
Ana Bargiela García	8 h	Matemáticas	Secretaria do Centro
Mónica Domínguez Afonso	8 h	Matemáticas	Directora do Centro
Carlos Luis Franco Sanmartín	17h	Matemáticas	Titor
Iago García Ramírez	14 h	Matemáticas	Xefe de Departamento e Coordinador do Plan Dixital
María González Suárez	19 h	Matemáticas	Titora
María Victoria Martínez Rodríguez	15 + 3 h (*)	Matemáticas	

(\*) A profesora María Victoria Martínez Rodríguez impartirá 3 horas do departamento de tecnoloxía.

## 2. REPARTO DE MATERIAS E PROFESORADO

As materias adscritas ao departamento quedan asignadas ao profesorado conforme á seguinte distribución:

Materia e grupo	Profesor/a	Materia e grupo	Profesor/a
<b>1º ESO</b>			
Matemáticas 1º ESO A	María González Suárez	Matemáticas 1º ESO D + Titoría	María González Suárez
Matemáticas 1º ESO B	María González Suárez	Reforzo Matemáticas 1º ESO C	Mónica Domínguez Afonso
Matemáticas 1º ESO C	María González Suárez	Reforzo Matemáticas 1º ESO D	Iago García Ramírez
<b>2º ESO</b>			
Matemáticas 2º ESO A	María Victoria Martínez Rodríguez	Matemáticas 2º ESO C	María Victoria Martínez Rodríguez
Matemáticas 2º ESO B	María Victoria Martínez Rodríguez	Reforzo Matemáticas 2º ESO C	María González Suárez
<b>3º ESO</b>			
Matemáticas 3º ESO A	Iago García Ramírez	Matemáticas 3º ESO C + Titoría	Carlos Luis Franco Sanmartín
Matemáticas 3º ESO B	Carlos Luis Franco Sanmartín		
<b>4º ESO</b>			
Matemáticas Académicas 4º ESO A	Carlos Luis Franco Sanmartín	Matemáticas Aplicadas 4º ESO C	Ana Bargiela García
Matemáticas Académicas 4º ESO B + C	Carlos Luis Franco Sanmartín		
<b>1º BACHARELATO</b>			
Matemáticas I	Ana Bargiela García	Matemáticas Aplicadas ás CCSS I	Iago García Ramírez
<b>2º BACHARELATO</b>			
Matemáticas II	Mónica Domínguez Afonso	Métodos Estadísticos e Numéricos	Mónica Domínguez Afonso
Matemáticas Aplicadas ás CCSS II	Iago García Ramírez		

### 3. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A pesar dos cambios legislativos todas as normativas recoñecen que as matemáticas nos facilitan interpretar o mundo que nos rodea, reflicten a capacidade creativa, expresan con precisión conceptos e argumentos, favorecen a competencia para aprender a aprender e conteñen elementos de gran beleza, sen esquecer ademais o carácter instrumental como base fundamental para a adquisición de novos coñecementos noutras disciplinas e o desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

O currículo de Matemáticas está organizado en cinco bloques; todos eles importantes para a formación integral da cidadanía e é necesario que se desenvolva de xeito global, pensando nas conexións internas da materia, tanto dentro do curso como nas distintas etapas.

Os novos coñecementos que se deben adquirir teñen que apoiarse nos xa conseguidos: os contextos deben ser elixidos para que o alumnado se aproxime ao coñecemento de forma intuitiva mediante situacións próximas, e vaia adquirindo cada vez maior complexidade, ampliando progresivamente a aplicación a problemas relacionados con fenómenos naturais e sociais e a outros contextos menos próximos á súa realidade inmediata.

Durante os primeiros cursos é necesario que o alumnado alcance soltura suficiente no cálculo, sempre apoiado na adquisición do sentido numérico, que abrangue cálculo mental, estimación e dominio reflexivo das propiedades das operacións. Posteriormente, ao longo das etapas educativas, o alumnado debe progresar na adquisición das habilidades de pensamento matemático e pasar de conseguir dominar os cálculos e as súas ferramentas a centrarse, xa no bacharelato, en desenvolver os procedementos e a capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar de xeito matemático diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Os procedementos, os razoamentos, a argumentación e a expresión matemática das situacións e dos problemas han contribuír de maneira especial a lograr a adquisición das competencias clave.

### 4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As materias de matemáticas contribúen á adquisición de todas as competencias, se ben son fundamentais para a competencia matemática. Nos contidos de cada curso farase mención a que competencias contribúen a adquirir completando o perfil competencial de cada materia.

#### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**

Esta competencia consiste en ser capaz de formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias ou das propias matemáticas.

Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

### **Competencia en comunicación lingüística (CCL)**

É necesario ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos.

### **Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

Á hora de resolver exercicios ou problemas é necesario establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema.

### **Competencia dixital (CD)**

Trabállase ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados.

### **Competencia social e cívica (CSC)**

Afrontar un problema cunha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións axuda á súa adquisición.

### **Competencia de aprender a aprender (CAA)**

O alumnado toma conciencia do proceso desenvolvido, das respostas logradas e das que aínda quedan por resolver.

### **Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC)**

Incorpóranse elementos culturais ou artísticos con base matemática: sistemas de numeración, xeometría, contidos matemáticos na prensa, ...

## **5. OBXECTIVOS DOS CURSOS**

Os obxectivos, tanto para a ESO como para o Bacharelato son os xerais que aparecen na LOMCE.

## 6. CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN OU ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

### 2º ESO

#### MATEMÁTICAS 2º ESO

Temporalización:

Trimestre	Unidades didácticas	Temporalización
1ª Avaliación	Tema 1: Divisibilidade. Números enteiros	13 sesións
	Tema 2: Fraccións e decimais	13 sesións
	Tema 3: Potencias e raíces	13 sesións
	Tema 4: Proporcionalidade	14 sesións
2ª Avaliación	Tema 5: Expresións alxébricas	12 sesións
	Tema 6: Ecuacións	15 sesións
	Tema 7: Sistemas de ecuacións	12 sesións
3ª Avaliación	Tema 9: Xeometría plana	15 sesións
	Tema 10: Corpos xeométricos	12 sesións
	Tema 8: Funcións	14 sesións
	Tema 11: Estatística	12 sesións
	Tema 12: Probabilidade	11 sesións

Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

[Anexo 1 \(páx. 20\)](#)

### 4º ESO

#### MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS 4º ESO

Temporalización:

Trimestre	Unidades didácticas	Temporalización
1ª Avaliación	Tema 1: Números reais	15 sesións
	Tema 2: Polinomios e fraccións alxébricas	12 sesións
	Tema 3: Ecuacións e sistemas	13 sesións
	Tema 4: Inecuacións	12 sesións
2ª Avaliación	Tema 6: Trigonometría	16 sesións
	Tema 7: Xeometría analítica	12 sesións
	Tema 5: Funcións	10 sesións
3ª Avaliación	Tema 8: Combinatoria	8 sesións
	Tema 9: Probabilidade	14 sesións
	Tema 10: Estatística. Distribucións bidimensionais	14 sesións

Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

[Anexo 2 \(páx. 29\)](#)

## MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS APLICADAS 4º ESO

Temporalización:

Trimestre	Unidades didácticas	Temporalización
1ª Avaluación	Tema 1: Conxuntos numéricos	11 sesións
	Tema 2: Potencias e raíces	11 sesións
	Tema 3: Proporcionalidade	12 sesións
	Tema 4: Expresións alxébricas	12 sesións
2ª Avaluación	Tema 5: Ecuacións	12 sesións
	Tema 6: Sistemas de ecuacións	11 sesións
	Tema 7: Xeometría	12 sesións
	Tema 8: Funcións	10 sesións
3ª Avaluación	Tema 9: Funcións elementais	11 sesións
	Tema 10: Estatística	11 sesións
	Tema 11: Probabilidade	8 sesións

(\*) Os temas 5 e 9 quedan partidos entre avaluacións e foron computados naquela na que se faría o seu exame.

Criterios de avaluación e estándares de aprendizaxe

[Anexo 3 \(páx. 36\)](#)

## 2º BACHARELATO

### MATEMÁTICAS II

Temporalización:

Trimestre	Unidades didácticas	Temporalización
1ª Avaluación	Tema 1: Límites e continuidade	9 sesións
	Tema 2: Derivadas. Aplicacións	17 sesións
	Tema 3: Primitiva dunha función	8 sesións
	Tema 4: Integral definida	8 sesións
2ª Avaluación	Tema 5: Matrices e determinantes	12 sesións
	Tema 6: Sistemas de ecuacións	6 sesións
	Tema 7: Vectores	7 sesións
	Tema 8: Rectas e planos	9 sesións
3ª Avaluación	Tema 9: Propiedades métricas	9 sesións
	Tema 10: Probabilidade	8 sesións
	Tema 11: Distribucións de probabilidade	8 sesións

Criterios de avaluación e estándares de aprendizaxe

[Anexo 4 \(páx. 42\)](#)



## MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS II

Temporalización:

Trimestre	Unidades didácticas	Temporalización
1ª Avaluación	Tema 1: Límites de funcións. Continuidade	10 sesións
	Tema 2: Derivadas e aplicacións	14 sesións
	Tema 3: Integración	8 sesións
	Tema 4: Matrices e determinantes	10 sesións
2ª Avaluación	Tema 5: Sistemas de ecuacións	8 sesións
	Tema 6: Programación lineal	8 sesións
	Tema 7: Azar e probabilidade	12 sesións
	Tema 8: Distribucións de probabilidade	6 sesións
3ª Avaluación	Tema 9: As mostras estatísticas	10 sesións
	Tema 10: Inferencia estatística	14 sesións

Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

[Anexo 5 \(páx. 49\)](#)

## MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS

Temporalización:

Trimestre	Unidades didácticas	Temporalización
1ª Avaluación	Tema 1: Probabilidade	8 sesións
	Tema 2: Distribucións de probabilidade	12 sesións
	Tema 3: Series temporais	7 sesións
2ª Avaluación	Tema 4: Estudo estatístico. Mostraxe	5 sesións
	Tema 5: Inferencia estatística	9 sesións
3ª Avaluación	Tema 6: Programación lineal	6 sesións
	Tema 7: Cadeas de Markov	4 sesións
	Tema 8: Métodos numéricos	6 sesións

Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

[Anexo 6 \(páx. 56\)](#)

## 7. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

O proceso de ensinanza e aprendizaxe está destinado a construír aprendizaxes significativas e contextualizadas. Ademais tamén procurará fomentar a cooperación dentro da aula e a visión transversal ou global da educación. Para logralo promoverase unha metodoloxía activa e contextualizada tendo en conta as seguintes liñas de actuación:

- Os contidos deben ser acordes coas capacidades do alumnado e cos seus coñecementos previos.
- As dificultades han de graduarse de tal xeito que o alumnado poida manter a motivación e conseguir éxitos que afiancen a confianza nas súas capacidades. Por este motivo, hai que evitar as dificultades innecesarias (excesiva complexidade de cálculos, formalización e abstracción prematuras, linguaxe difícil ou algoritmización inoportuna).
- Debe pretenderse que o alumnado, en vez de estar continuamente aprendendo a manexar ferramentas que só utilizará moito máis adiante, atope sentido, aplicándoo ao que aprende en cada

curso, en cada momento. A aprendizaxe así é máis sólida, satisfactoria, globalizada e duradeira. En definitiva, máis funcional.

- Promoverase o traballo en equipo, de maneira que cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros.

## 8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Na maioría de cursos non se empregará libro de texto. Sen embargo, consideramos que é apropiado usalo nos primeiros cursos para facilitar a adaptación á Secundaria. Os libros de texto empregados no curso 2022/23 son os seguintes:

Materia	Curso	Libro	ISBN	Inicio de uso
Matemáticas	2º ESO	Editorial SM, Proyecto Savia	978-84-675-8688-6 978-84-675-8678-7	Curso 2016/17

Dentro do proceso dunha aprendizaxe construtiva, integradora e inmersa na realidade tecnolóxica actual os recursos empregados serán todo o variados que permitan as circunstancias, incluíndo:

- Materiais manipulativos: figuras xeométricas, instrumentos de medida e de debuxo, dominós, dados, moedas, etc.
- Calculadora: a partir de 4º ESO, incluído, será necesaria a calculadora científica. Nos cursos anteriores usarase a calculadora a criterio do profesorado. Nos primeiros cursos incidirase no cálculo mental e escrito.
- Material informático: o alumnado pode empregar ordenadores no centro, algúns na aula Abalar e o resto na aula de Informática xeral, dependendo da dispoñibilidade horaria. O alumnado familiarizarase con programas como Geogebra, Excel ou calquera outro programa ou aplicación que o profesorado considere que ten interese para a materia.
- Outros recursos: vídeos, libros de lectura, etc. que sirvan de apoio aos contidos a traballar.

## 9. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO.

### AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS

Os procedementos de cualificación e avaliación do alumnado varían segundo o curso:

#### 2º ESO

Procedemento	Observacións	Ponderación
Exames	Faranse polo menos dous exames. É necesario ter, como mínimo, 2.5 puntos sobre 8 en cada exame para aprobar a avaliación (*).	80%
Caderno	Valorarase que conteña todas as explicacións e exercicios, que as actividades estean ben corrixidas e que estea ben presentado.	5%
Cálculo mental	Faranse probas periódicas de cálculo mental que se puntuarán numericamente.	5%
Traballo diario	Valorarase a realización das tarefas encomendadas na clase e na casa.	5%
Actitude cara a materia	Valorarase o interese e atención: presta atención, participa na clase, fai as tarefas que se propoñen na aula e respecta ao profesorado e aos compañeiros.	5%

A nota de cada avaliación obterase valorando exames, estado do caderno, nivel de cálculo mental, traballo diario e actitude cara á materia segundo as ponderacións indicadas.

(\*) Sobre as notas dos exames acórdase que no caso de que un alumno teña unha nota dun exame por debaixo do mínimo e aínda así consiga unha media global de polo menos 5 puntos, quedará suspenso na avaliación trimestral pero fará a recuperación só co exame que ten por debaixo do mínimo.

#### 4º ESO de Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas

Procedemento	Observacións	Ponderación
Exames	Faranse polo menos dous exames.	80%
Entregas de actividades	Propoñeranse entregas de actividades específicas. Farase fincapé na preparación dos exames de acceso a ciclo medio	5%
Cálculo mental	Faranse probas periódicas de cálculo mental que se puntuarán numericamente.	5%
Caderno	Valorarase que conteña todas as explicacións e exercicios, que as actividades estean ben corrixidas e que estea ben presentado	5%
Traballo e actitude	Valorarase a actitude e traballo (presta atención, participa na clase, fai as tarefas que se propoñen na clase e na casa e respecta ao profesorado e aos compañeiros)	5%

A nota de cada avaliación obterase valorando exames, entregas de actividades, nivel de cálculo mental, estado do caderno, traballo diario e actitude cara á materia segundo as ponderacións indicadas.

#### **4º ESO de Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas**

Realizaranse, como mínimo, dous exames por avaliación e calcularase a súa media sempre e cando se teñan, como mínimo, 3 puntos en cada exame.

Premiarase con ata 1 punto o traballo diario e o interese e actitude cara á materia. Esta nota súmase coa media dos exames e trúncase o resultado.

#### **Matemáticas e Matemáticas Aplicadas ás CCSS de 2º de Bacharelato**

Nas materias de Matemáticas e Matemáticas Aplicadas ás CCSS de 2º de bacharelato, realizaranse a lo menos dous exames por avaliación. Os primeiros serán parciais e o último incluírá todos os contidos do trimestre. A media dos exames calcularase ponderando o exame global o dobre que os parciais (se se fai un parcial: 1/3 o parcial e 2/3 o global; se se fan dous parciais: ¼ cada parcial e ½ o global). En calquera caso, se se supera o exame global, a avaliación estará aprobada.

Premiarase con ata 1 punto o traballo diario e o interese e actitude cara á materia. Esta nota súmase coa media dos exames e trúncase o resultado.

#### **Métodos Estatísticos e Numéricos**

Na materia de Métodos Estatísticos e Numéricos valoraranse cun 50% a asistencia, a participación, o traballo e a actitude cara a materia. O outro 50 % sairá dos resultados obtidos nos exercicios e probas puntuables que os alumnos irán facendo periodicamente durante o curso, sempre con un mínimo de tres por trimestre. A nota obtida redondearase para a obter a nota da avaliación.

#### **PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN**

En tódolos casos o alumnado que non supere algunha avaliación trimestral poderá facer un exame de recuperación global do trimestre. Se nesta proba o alumno ou alumna obtén unha nota superior á que tiña, será esta última a que se considere como cualificación trimestral definitiva aínda que sexa superior a cinco.

#### **AVALIACIÓN ORDINARIA**

Para superar a materia na convocatoria ordinaria, será necesario ter as tres avaliacións parciais aprobadas, en primeira convocatoria ou na recuperación.

O alumnado que ao rematar a terceira avaliación teña algunha avaliación suspensa poderá realizar novas probas de recuperación a final de curso. Neste sentido distinguiranse dous casos:

- Os alumnos e alumnas que teñan unha ou dúas avaliacións parciais suspensas poderán examinarse soamente destas avaliacións. Se nestas probas o alumno ou alumna obtén unha nota superior á que tiña, será esta última a que se considere como cualificación trimestral definitiva aínda que sexa superior a cinco, sendo a súa nota final a media aritmética das tres cualificacións trimestrais.
- Os alumnos e alumnas que teñan as tres avaliacións parciais suspensas deberán realizar unha proba global de toda a materia. Se superan esta proba considerarase superada a materia sendo a súa nota final a nota da devandita proba.

A nota da avaliación ordinaria será a media das notas das tres avaliacións parciais.

## **10. METODOLOXÍA E AVALIACIÓN PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA E O REMATE DO PERÍODO LECTIVO EN 2º DE BACHARELATO**

### **Matemáticas, Matemáticas Aplicadas ás CCSS e Métodos Estatísticos e Numéricos de 2º de Bacharelato**

O alumnado de 2º de bacharelato que teña a avaliación ordinaria suspensa terá a posibilidade de presentarse a unha proba extraordinaria de toda a materia. A nota da avaliación extraordinaria será o redondeo da cualificación obtida na proba. Nos días posteriores á avaliación final ordinaria o profesorado propondrá actividades de repaso para a preparación desta proba e resolverá as dúbidas relacionadas.

Por outra banda, para o alumnado que xa teña superada a materia proponse actividades dirixidas á preparación das probas de ABAU.

## **11. METODOLOXÍA E AVALIACIÓN PARA O ENSINO NON PRESENCIAL**

En caso de ter que traballar de forma non presencial durante o presente ano académico utilizarase a aula virtual do centro onde se creará un curso para cada un dos grupos para colgar contidos e explicacións, enviar e recibir as tarefas do alumnado, solucionar ditas tarefas... O alumnado recibirá a principios de cada semana as súas tarefas que deberá enviar ao profesorado no prazo establecido. Unha vez concluído o prazo, os alumnos recibirán as solucións para a súa autocorrección. Opcionalmente tamén poderá haber una clase virtual semanal a través da plataforma Webex para resolución de dúbidas e explicación de contidos. Cada dúas semanas proponse aos alumnos e alumnas unha tarefa puntuable que será avisada con suficiente antelación e que deberán entregar nun prazo de dúas horas dende a súa publicación.

Para a avaliación contará un 80% a media das probas puntuables realizadas e un 20% o traballo e a actitude cara a materia do alumno ou alumna. A nota final será o redondeo ás unidades da nota obtida polo proceso descrito anteriormente.

Todos os contidos impartidos de forma non presencial poden ser obxecto de exame ou exames no centro en caso de volver á ensinanza presencial.

Estes criterios serán de aplicación tanto na ESO coma no bacharelato.

## **12. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

Avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe é unha cuestión complexa e pódese caer facilmente na tentación de limitarnos a valorar os resultados finais (índice de aprobados). Se ben este dato é moi importante e contribúe ao descenso do fracaso escolar, en Secundaria ten que ser analizado tendo en conta os moitos factores que interveñen: coñecementos e experiencias previas do alumnado nesta materia, motivación cara aos estudos e situación persoal que se estea vivindo.

Seguindo a filosofía dunha práctica docente reflexiva, adaptada á realidade das nosas aulas e coordinada a nivel de departamento establecemos os seguintes procedementos e indicadores para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente:

### **a) Seguimento da programación.**

Cunha periodicidade de ao menos unha vez ao mes farase unha reunión de departamento que incluírá o seguimento da programación. No contexto destas reunións iranse comentando as dificultades que vaian aparecendo e acordaranse as modificacións a facer sobre a programación prevista: cambios na temporalización, eliminación de contidos, etc.

b) Resumo trimestral dos resultados académicos dos distintos grupos. En función destes resultados tomaranse as medidas oportunas para tentar melloralos.

c) Autoavaliación do profesorado

Todos os membros do departamento farán unha valoración do seu labor docente ao longo do curso conforme ao modelo anexo ([Anexo 7 páx. 58](#)).

d) Valoración do alumnado

Todo o alumnado fará una avaliación do seu profesorado a final de curso conforme ao modelo anexo ([Anexo 8 páx. 59](#)).

### **13. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**

O alumnado con materias pendentes de cursos anteriores seguirá un plan que incluírá boletíns de repaso do curso a recuperar, realización dun exame trimestral antes de cada avaliación e a posibilidade de recuperar as aprendizaxes non adquiridas en xuño antes da avaliación final.

O plan de recuperación de pendentes será coordinado desde a Xefatura de Departamento. Todo o alumnado con materias pendentes terá como referente á persoa que lle dá clase no curso actual ou, no seu defecto, ao xefe de departamento.

Para cada materia o Departamento elaborará tres boletíns de exercicios que recollan todos os contidos do curso e que se irán dando trimestralmente ao alumnado. O alumnado que teña pendente unha materia con adaptación curricular recibirá boletíns adaptados e fará exames adaptados aos contidos traballados dentro da súa adaptación.

O alumnado resolverá detalladamente os boletíns e entregaraos dentro dos prazos fixados ao seu profesorado referente. No caso de ter dúbidas nalgún exercicio acudirase ao profesorado referente ou ó xefe de departamento antes da data tope de entrega.

Antes de cada avaliación farase un exame parcial sobre os contidos traballados no boletín de esa avaliación. A nota obtida nesa proba redondearase para obter a cualificación da avaliación.

Dado o carácter progresivo da materia en todos os cursos da ESO recóllese unha forma alternativa de superar a materia pendente cando se aprecie unha mellora notable na materia no curso actual. Se un alumno ten entregado o boletín resolto detalladamente e aproba a avaliación do curso actual, automaticamente quedaralle aprobada a avaliación da materia pendente, independentemente da nota obtida na proba da materia do curso anterior. Este procedemento non se aplica coas materias de Bacharelato.

Para superar a materia pendente na avaliación final, será necesario ter as tres avaliacións parciais aprobadas, sendo a cualificación final do curso o redondeo da media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

O alumnado que teña algunha avaliación suspensa terá a posibilidade de recuperar as aprendizaxes non adquiridas durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final. Con este fin, ao rematar a terceira avaliación, o profesorado informará aos alumnos e alumnas sobre que contidos deben recuperar e lles proporán actividades de repaso. Nos últimos días deste período realizaranse probas

escritas que permitan ao alumnado demostrar a adquisición dos coñecementos requiridos. Neste sentido distinguiranse dous casos:

- Os alumnos e alumnas que teñan unha ou dúas avaliacións parciais suspensas poderán examinarse soamente destas avaliacións. Se nestas probas o alumno ou alumna obtén unha nota superior á que tiña, será esta última a que se considere como cualificación trimestral definitiva aínda que sexa superior a cinco, sendo a súa nota final a media aritmética das tres cualificacións trimestrais.
- Os alumnos e alumnas que teñan as tres avaliacións parciais suspensas deberán realizar unha proba global de toda a materia. Se superan esta proba considerarase superada a materia sendo a súa nota final a nota da devandita proba.

#### **14. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS DO BACHARELATO.**

No caso do alumnado que cambia de modalidade e, polo tanto, ten que superar unha materia de Matemáticas de 1º de Bacharelato que non cursou anteriormente aplicarase un procedemento similar ao de recuperación de pendentes:

- Este alumnado terá como referencia ó seu profesorado no curso actual ou ó Xefe de Departamento.
- Proporcionaráselle boletíns de exercicios e material teórico para preparar a materia.
- Examinarase da materia en tres parciais en datas consensuadas co alumnado, procurando a conciliación co curso actual.
- Os exames parciais irán liberando a parte correspondente da materia sempre e cando se obteña unha puntuación maior ou igual a 4. Para obter unha nota final de aprobado haberá que conseguir unha puntuación media igual ou superior a 5. En caso de non obter a nota mínima nalgún parcial poderanse facer exames de recuperación.
- En maio haberá dereito a un exame final global que permitirá recuperar a materia completa.
- No caso de non superar a materia na convocatoria de maio haberá unha exame global na convocatoria de xuño.

#### **15. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.**

Ao longo do primeiro mes de curso realizaranse actividades ou probas destinadas a conseguir información sobre o punto de partida do alumnado.

Durante os primeiros días do curso pasarase ao alumnado unhas probas de contidos mínimos e de competencias clave que se valorarán cualitativa ou cuantitativamente. En función dos resultados destas probas e, contando coa opinión do Departamento de Orientación, tomaranse decisións sobre adaptacións curriculares, reforzos ou casos de altas capacidades.

## 16. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Considérase a Educación Secundaria Obrigatoria como un período educativo que ha de asegurar o acceso a un tronco común de ensinanzas igual para todo o mundo e a igualdade de oportunidades entre o alumnado, independentemente do seu xénero, orixe social, relixión ou outras características individuais.

No presente curso, as medidas de atención á diversidade concrépanse nas seguintes actuacións:

### a) Adaptación do currículo da E.S.O.

Partindo da memoria do curso anterior faranse as modificacións do currículo necesarias para procurar que todo o alumnado remate a etapa cunha formación matemática o máis completa posible.

### b) Distinción en 4º ESO entre Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Académicas e ás Ensinanzas Aplicadas

O alumnado foi orientado o curso pasado para escoller a versión da materia que máis se adapte aos seus intereses. Este curso darase ese asesoramento novamente.

### c) Grupos de Reforzo de Matemáticas en 2º ESO

Parte do alumnado de 2º ESO que está exento da segunda lingua estranxeira estará incluído nun grupo de Reforzo de Matemáticas. Nestas materias incidirase na mellora do cálculo e a resolución de problemas. Ademais reforzaranse os contidos que o alumnado está estudando na materia ordinaria.

### d) Adaptacións curriculares

Do curso pasado xa hai alumnado que segue unha Adaptación Curricular Significativa. Este curso valorarase a súa continuidade e actualización e incluíranse os novos casos que se detecten. Todo isto esperará ás conclusións que se saquen da avaliación inicial.

O alumnado que siga unha ACS será avaliado conforme aos contidos incluídos nela pero procurando facer coincidir os exames cos de todo o grupo.

### e) Apoio do profesorado de Pedagogía Terapéutica.

O alumnado con ACS e o alumnado que, sen chegar a ter unha adaptación significativa, se valore que precisa axuda nos fundamentos da materia, acudirá a apoio co profesorado do Departamento de Orientación. Estes apoios serán coordinados entre o profesorado de aula e o de apoio.

### f) Alumnado con necesidades especiais

En caso de contar con alumnado que teña algunha patoloxía diagnosticada ou algunha minusvalía, que poida afectar ao seu comportamento ou ao rendemento escolar e que precise que o profesorado coñeza certas pautas que poden axudar a mellorar a situación no grupo-clase e mesmo a mellorar o nivel de atención e rendemento do alumnado implicado, o Departamento de Orientación proporcionará información sobre cales son as características deses trastornos, que cabe esperar do seu comportamento na aula e que estratexias son máis recomendables con este alumnado.



## 17. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN

Os elementos transversais que se traballarán en todos os niveis e cursos son:

**a) A comprensión lectora e a expresión oral e escrita.**

Estas destrezas son a base da competencia lingüística e son imprescindibles para calquera disciplina académica e para a vida en xeral. Traballaranse de forma transversal a través da comprensión das definicións e resultados matemáticos, a comprensión dos enunciados dos problemas, a exposición dos pasos seguidos para resolver un exercicio ou un problema e a correcta redacción das respostas aos problemas.

**b) A comunicación audiovisual**

Tendo en conta que vivimos inmersos nunha cultura na que o audiovisual está moi presente procurárase usar estes recursos na aula sempre que sexan pertinentes para motivar ao alumnado e para amosarlles que estas ferramentas, que eles consideran normalmente desde o punto de vista lúdico, tamén poden ter interese académico.

**c) As tecnoloxías da información e da comunicación**

Será un obxectivo transversal e un obxectivo específico en ocasións. En xeral son un método atractivo para presentar os contidos pero ademais o alumnado tamén debe familiarizarse ou aprender a empregar certos programas, como Geogebra ou a folla de cálculo. Aínda que non se considere estritamente dentro deste bloque tamén cabe mencionar aprender a usar correctamente a calculadora.

**d) O emprendemento**

Fomentárase a través da resolución de problemas. Parte do departamento empregará técnicas de traballo cooperativo se a situación da pandemia o permite.

**e) A educación cívica e constitucional**

No ambiente de aula debe primar a orde e o respecto, tanto cara ás persoas (alumnado, profesorado e persoal non docente) como cara ao material. Para logralo corresponsabilízase ao alumnado no mantemento e coidado do seu material e do material común asignando postos fixos dentro da aula e levando un rexistro de danos ou mal uso das instalacións da aula.

**f) A igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero**

De xeito preventivo evítanse os estereotipos á hora de formular situacións, por exemplo, nos enunciados dos problemas (as mulleres poden ser médicas e os homes poden ser enfermeiros). Ademais préstase especial atención a detectar comportamentos sexistas ou reaccións violentas neste contexto e procurárase atallalos canto antes.

**g) A non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social**

Na aula fázase un tratamento igualitario a todo o alumnado procurando ademais integrar a aquel alumnado que, por algún trazo de personalidade ou algunha discapacidade, se distancie moito do grupo.

**h) A prevención e resolución pacífica de conflitos**

Fomentarase o diálogo e a necesidade de empatía para resolver os roces que van aparecendo no trato diario. O traballo cooperativo tamén pode axudar a desenvolver estratexias para enfrontar estas cuestións.

**i) Educación para o consumo e ambiental**

Ademais de contidos específicos que gardan relación co consumo (porcentaxes, descontos, impostos, etc) insistirase na necesidade de empregar ben os recursos cos que contamos: pechar as ventás se poñemos a calefacción, non acender as luces se non son necesarias, aproveitar ben o papel, reciclar o material, etc.

## **18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS**

Partindo da experiencia doutros cursos temos previsto realizar unha serie de actividades complementarias ou extraescolares. A realización dalgunha queda condicionada a que este curso nolas volvan ofertar.

Nivel	Actividade	Observacións	Temporalización
2º ESO	Olimpíada Matemática Galega 2º ESO	Segundo demanda. Varias fases, a primeira en Pontevedra.	Abril
4º ESO		Queda aberta á posibilidade de realizar algunha actividade que nos oferten e consideremos interesante.	
2º BACH	Non se ofertan actividades		

## **19. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

O principal mecanismo de revisión e avaliación das programacións será a posta en común e a reflexión conxunta do profesorado do departamento. Compararemos o desenvolvemento real da programación coa previsión que consta neste documento e tomaremos decisións para melloralas. Isto farase en varias fases:

**a) Coordinación entre o profesorado do mesmo nivel**

O profesorado que comparta un nivel terá encontros periódicos para valorar como se vai cumprindo a programación e facer axustes para adaptala ás circunstancias. Consensuaranse os puntos ou temas que son fundamentais e aqueles que se poden eliminar en caso de necesidade con vistas a que non haxa grandes diferenzas entre os distintos grupos dun nivel.

**b) Coordinación entre o profesorado do departamento**

Como mínimo unha vez ó mes reunirase todo o departamento, farase o seguimento da programación e informarase sobre as probas de avaliación realizadas e os seus resultados e discutiránse os cambios ou adaptacións que se propoñan para cada nivel.

Trimestralmente valoraranse os resultados académicos e, entre todos, procuraranse solucións de mellora. Esta valoración farase o máis detallada que poidamos seguindo o modelo anexo ([Anexo 9 pág. 60](#)).

Todos os cambios e propostas acordados recolleranse na Memoria final do Departamento e teranse en conta para a programación do próximo curso.

## 20. ANEXOS

### Anexo 1: MATEMÁTICAS 2º ESO

O bloque 1 (Procesos, métodos e actitudes en matemáticas) traballárase de forma transversal en todas as unidades didácticas do temario. Por este motivo inclúese a súa concreción unha única vez.

Matemáticas. 2º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas</b>			
B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema.	MAB1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT
B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.	B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).	CMCCT
		MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.	CMCCT
		MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.	CMCCT
		MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas.	CMCCT CAA
B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.	MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.	CMCCT CCEC
		MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade.	CMCCT

B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.	B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.	MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	CMCCT
		MAB1.4.2. Formúlase novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.	CMCCT CAA
B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación.	MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).	CCL CMCCT
B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.	MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	CMCCT CSC
		MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT CSIEE
		MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.	CMCCT
		MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	CMCCT
		MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	CMCCT
B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.	CMCCT CAA CSC
B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	CMCCT CSC, CSIEE
		MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT
		MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.	CMCCT
		MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e buscar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.	CMCCT CAA CCEC

		MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CMCCT CSIEE, CSC
B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	CMCCT CSIEE
B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas e aprender diso para situacións similares futuras.	MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e sinxeleza das ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares.	CMCCT CAA
B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: Recollida ordenada e a organización de datos. Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.	B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.	MAB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	CMCCT CD
		MAB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.	CMCCT
		MAB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.	CMCCT
		MAB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.	CMCCT
		MAB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.	CMCCT
